

Grazas, Paloma

Coñecín a Paloma Chamorro cando ela xa deixara de aparecer nas pantallas da televisión. Foi nos anos 90, en Madrid. Lembro que eu levaba unha encarga para ela, unhas colaxes, uns pementos de Herbón e un libro. Recibíume na súa casa próxima ao Retiro e, para a miña sorpresa, a conversa toda desenvolveuse en galego, que ela coñecía por lecturas e amizades. Para min, ademais dos seus comentarios sobre as encargas, foi esta unha manifestación da súa intelixencia emocional, pois sabendo da miña nacionalidade galega, fixo por levar a conversa nesa lingua que amaba. A vida levounos por camiños distintos, mais faláramos varias outras veces, quer directamente nunha tarde inesquecible vendo as Cies dende o Monte dos Pozos, quer por intermedio do meu compañeiro a quen se lle dá mellor falar por teléfono. Para sempre quedou adiada unha vista a Serra madrileña onde dende hai anos tiña o seu recanto de paz.

Paloma foi importante para dúas xeracións de mozos na España da transición. Aos da miña xeración sacudiunos o corpo e o espírito que tiñamos adormecido pola ditadura. Aos que nos seguían en idade, insubmisos nunha España que acordaba entre a traizón política e o desencanto subseguinte, foi Paloma, entre outros animadores culturais, quen cos seus programas na televisión pública propiciou o acceso popular as vangardas culturais dos anos 80.

Paloma deu así conta das vangardas que agromaban na España do postfranquismo, cando os socialistas tomaran o poder e tiñamos esperanzas aínda de que fixeran algo de xeito. Mais os gobernantes pasmaron diante do fulgor do diñeiro ficando cegos ao que fora renovación e cambio e poidera subverter, daquela, a orde establecida (a súa sinecura). Non en van foi unha socialista da *gauche caviar*, Pilar Miró, a que decidiu aparcas a Paloma, cortándolle as ás e condenándoa ao retiro (in)voluntario, que veu rematar hai poucos días de xeito inesperado e fulgurante.

Para os menos informados que viñamos dunha cultura oficial e *cañí* foi ela a que nos fixo descubrir aos inquietantes *The Residents*, os experimentos de *Tuxedomoon*, a sobriedade minimalista de *Durruti Column*, a danza frenética de *Killing Joke*, ou o postpunk de *Lords of the New Church*. Xa no eido estatal anunciou a frescura inxel de *Parálisis Permanente* cantando “Quiero ser santa”, a un Carlos Berlanga defendendo o seu “Deseo carnal” ou a un aínda mozo Santiago Auserón sendo metálico nun xardín botánico, e tamén a Siniestro Total e Golpes Bajos, dalgún xeito tan estraños e tan nosos. Axudounos tamén a descubrir o surrealismo galego e universal de Maruxa Mallo, os debuxos de *pop-art* comprometido de Keith Haring ou as cancións e as *performances* de Divine, ao tempo que facía entrevistas de mérito a Dalí nos seus días derradeiros ou a un Joan Miró xa cansado. Claro que non estaba soa, que había tamén semanarios e *fanzines*, programas de radio onde se podían escoitar esas músicas ou ter noticia deses artistas, mais Paloma fíxoo na televisión pública (había só dous canais de TV e, por descontado, non había internet, nin aquí nin en ningures, que non chegou até na segunda metade dos 90). Nun ermo cultural, nun país en tensión polas ameazas de involución franquista (lembren o golpe de Estado do 1981 e algunha outra asonada posterior), que houbera alguén que tivera coa afouteza necesaria para informar do que acontecía no eido cultural das vangardas dentro e fóra do país é realmente de agradecer. Ler nos obituarios que lle dedicaron o de “icona da movida” paréceme reducionista, xa dixeran, e non dá conta máis que dunha parte ínfima da actividade intelectual e xornalística desta muller excepcional.

Moitas grazas Paloma en nome de todos aqueles que se sentiron tocados polo teu maxisterio observador e reflexivo, sincero e sen fronteiras. Para os que pensen que fuches só a fugaz “icona da movida” e desprezen o teu legado, pois que queres, xa sabes que o sectarismo non ten límites e medra ao mesmo ritmo trepidante que a ignorancia. Bicos